

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NA EOXI DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Asociación Española contra o cancro (Xunta Provincial de Pontevedra) o instrumento convencional arriba referido con vixencia dun ano ao contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a actuación do voluntariado da AECC no Hospital de Día Oncohematolóxico do Servizo Galego de Saúde (EOXI de Pontevedra e o Salnés) co fin de conseguir unha maior calidade de vida para os enfermos de cancro e as súas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Preténdese poñer a disposición os recursos necesarios para que a Asociación poida iniciar un programa de atención a pacientes con cancro, desenvolvendo a actividade de voluntariado a través do programa do Carriño don Amable, sempre que as condicións do/a paciente o faciliten e non exista impedimento por parte dos afectados/as e do persoal sanitario responsable, ofrecendo bebidas/alimentos (autorizados polos responsables sanitarios da unidade), revistas, periódicos e información sobre AECC.

Ambas institucións teñen o firme propósito de dar unha resposta integral á crecente necesidade respecto da atención dos enfermos con cancro, tendo en conta todos os aspectos físicos, emocionais, sociais e espirituais, mediante unha actuación directa das persoas, sobre todo en situación de enfermidade avanzada.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

